

# Conservatorio Profesional de Música de Vigo

---

## PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

---

### CONXUNTO DE GUITARRA

(G. Profesional)

**Departamento de Conxunto**

---

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



## Índice

---

Introdución: .....	3
Obxectivos: .....	4
Contidos: .....	4
Metodoloxía a empregar .....	5
Criterios de Avaliación: .....	5
Sistema alternativo de Avaliación .....	6
Probas extraordinarias de setembro .....	7
Matrícula excepcional .....	7
Proba de acceso para o 2º,3º ou 4º curso de Grao Profesional .....	7
Alumnado con discapacidade .....	8
1ºCURSO GRAO PROFESIONAL .....	8
OBXECTIVOS .....	8
CONTIDOS .....	8
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º curso G. Profesional .....	9
2º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	10
OBXECTIVOS .....	10
CONTIDOS .....	10
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º curso G. Profesional .....	11
3º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	11
OBXECTIVOS .....	11
CONTIDOS .....	12
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º curso G. Profesional .....	12
4º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	13
OBXECTIVOS .....	13
CONTIDOS .....	13
CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º curso G. Profesional .....	14



## Introdución:

Coa finalidade de lograr os obxectivos propostos no Decreto D.O.G.A. polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grado elemental e profesional do ensino musical en Galicia máis concretamente da asignatura de conxunto e que a continuación se relacionan, este programa establece os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para cada un dos cursos que integran o novo plan de estudos. O conxunto instrumental constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentador e aplicar, ademais das habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias. Desde este punto de vista, o conxunto tamén poderá permitir percorrer o repertorio para diversas formacións, de diferentes épocas ou estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

O proceso de ensino e aprendizaxe das especialidades instrumentais ten un forzoso carácter individual. Por iso, o currículo que agora se presenta alberga, como unha nova materia dun colectivo de estudantes, a materia de conxunto, que terá por finalidade, en esencia, a actividade de grupo, como no caso da orquestra, da banda ou de coro, todas dirixidas ao proceso de obtención de novos coñecementos e a súa aplicación na práctica social e representativa do centro en que se realicen os estudos. No presente desenvolvemento normativo considerouse conveniente reforzar as actividades de grupo e aumentar a súa presenza nos centros. A incorporación de novas especialidades instrumentais cuxas literaturas amosan amplos repertorios de conxunto específicos sinala a idoneidade de incluír a materia de conxunto como unha materia máis no marco das ensinanza profesional de música. Por outra banda, razóns de índole organizativa dos centros sinalan a conveniencia de ampliar esta nova materia de grupo a prol da participación de todos os estudantes de calquera especialidade instrumental cursada.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas. O carácter propedéutico das ensinanzas profesionais de música leva consigo a incorporación do alumnado ás agrupacións que se configuren no seus centros co fin de propiciar un marco amplo de experiencias que lle permita ao alumnado dirixirse cara á formación musical que máis se adapte ás súas calidades, aos seus coñecementos e aos seus intereses.

A práctica indistinta de grupo na orquestra, na banda, no coro e, de ser o caso, no conxunto que corresponda ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado ao procurarse unha organización máis flexible da ensinanza. Por unha banda, esta participación en agrupacións ha permitir que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco axeitado para a práctica instrumental colectiva; por outra parte, supón e garantía da presenza activa do alumnado nunha das actividades que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do centro na sociedade.

As tradicionais asociacións de instrumentos dará paso a un repertorio que alberga un complexo entramado de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterio e a igualdade da execución, que teñen que ser as principais metas para lograr. O alumnado, como noutras agrupacións, deberá incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que



rodea a propia execución unipersoal en prol de alcanzar aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación (afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade no ataque, claridade nas texturas, etc.), adquirindo progresivamente unha serie de habilidades e hábitos acordes co seu papel no grupo que estará condicionado ao repertorio do seu instrumento.

En síntese, igual que sucede na orquestra, na banda e no coro, o conxunto ha propiciar a responsabilidade compartida. Por unha parte, as relacións humanas entre o alumnado, acostumado á práctica instrumental individual, levarán consigo, como membros dun corpo colectivo, todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación de outros instrumentistas. Por outra banda, a práctica en grupo motivará a actitude de escoita, propiciará a memoria de paisaxes instrumentais e fomentará o estudo individual, que ha reverter no grupo e incentivar unha actitude de disciplina dificilmente abordable en actividades individuais.

### **Obxectivos:**

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música han ter como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Interpretar obras de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Coñecer as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, buscando o equilibrio dentro do grupo.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar obras representativas do repertorio programado para o conxunto de dificultade axeitada ao nivel.

### **Contidos:**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónico e dinámico.



- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección, no caso de que fose necesario.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de mínima dificultade, respectando e cuidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.

#### **Metodoloxía a empregar.**

- Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana.
- Control de posición, afinación e realización de exercicios técnicos de conxunto.
- Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
- Corrección das pezas: Agónica e dinámica, xestos básicos, equilibrio sonoro e de planos, respiración, ataque, vibrato, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Profundización do traballo realizado mediante variacións dalgún elemento da obra (improvisación rítmica, armónica, etc.)
- Traballo de diferentes tipos de memoria.
- En caso de ser apropiado, iniciación de novos traballos musicais.
- Lectura a primeira vista
- Realización das audicións obrigatorias.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos.

#### **Criterios de Avaliación:**

Ó final do curso o alumno deberá ser capaz de:

- Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.



- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e saben utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista fragmentos dunha obra de pequena dificultade para o grupo que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público as obras traballadas no conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada.

**Valorarásese:**

- A corrección na interpretación nos seguintes aspectos: dominio da obra, corrección na articulación, agónica, dinámica, fraseo, equilibrio dos distintos planos sonoros, adaptación ó conxunto, estilo apropiado.
- O traballo de cada alumno en canto ó estudio persoal e de conxunto, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo.
- A asistencia continuada a clase como único medio para lograrlos obxectivos previstos e poder permitilo progreso do traballo en grupo.
- A actitude apropiada ante o público permitindo unha interpretación axeitada nos aspectos xa citados.

**Sistema alternativo de Avaliación.**

O número de faltas de asistencia máximo permitido será 9 clases do curso, sexan éstas individuais ou colectivas e xustificadas ou non. Superado este número, un ou varios dos membros do grupo que teñan faltado, someteráanse a unha proba de avaliación alternativa acompañados polo resto do grupo, que se ben tocarán, non serán avaliados. As probas realizarase ante os profesores do Departamento, a semana anterior ás respectivas sesións de avaliación. A data, lugar e hora en que se celebrarán publicárase con suficiente antelación no taboleiro de anuncios do departamento de Conxunto Instrumental.

Dita proba de avaliación alternativa consistirá en:

- Interpretar nunha audición o repertorio correspondente ó trimestre no que se produza a perda de avaliación continua. No caso de perda de avaliación continua de todo o



curso, a proba consistirá na interpretación nunha audición do repertorio correspondente a todo o curso académico.

- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

### **Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que non supere a materia de Conxunto en xuño poderá presentarse ás probas extraordinarias que terán lugar nos primeiros días do mes de setembro.

Este, consistirá en dúas partes:

- O alumno presentará un programa de concerto consistente no repertorio traballado pola materia de conxunto correspondente ao longo do presente curso escolar. A execución deste programa por parte do alumno terá que ser acompañada por unha agrupación que terá que ser aportada polo alumno.
- O profesor correspondente da materia non estará obrigado a dirixir o conxunto presentado.
- O alumno que se examina deberá interpretar a parte correspondente ao xefe de sección, tanto de forma individual como colectivamente integrado no conxunto.
- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

### **Matrícula excepcional.**

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme a criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

O alumno deberá realizar e superar unha proba que lle permita demostrar ter adquiridos os obxectivos requiridos pola programación do curso que quere superar. O resto do grupo non será avaliado.

Devandita proba consistirá en:

1. Interpretar de dúas obras (de varios movementos) a catro (dun só movemento), de estilos diferentes e dun nivel apropiado ao curso.
2. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

### **Proba de acceso para o 2º,3º ou 4º curso de Grao Profesional**

No caso de que algún alumno optase por presentarse ás probas de acceso de Grao Profesional en curso diferente de 1º, a proba de Conxunto Instrumental para a especialidade de Guitarra consistirá na interpretación de dúas obras de varios movementos ou ca-



tro obras dun só movemento de estilos diferentes para dúo de guitarras ou agrupación maior.

A agrupación acompañante será aportada polo propio alumno e o programa será interpretado ante o tribunal designado para a proba de acceso específica.

### **Alumnado con discapacidade.**

A LOE di na Disposición Adicional segunda, punto 2: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

## **1ºCURSO GRAO PROFESIONAL**

### **OBXECTIVOS**

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Aprendizaxe duns hábitos de estudo eficaces.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha mínima gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

### **CONTIDOS**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Técnica proposta. Control permanente do ritmo. Control permanente da afinación. Control do son e adecuación aos demais instrumentistas. Control das dinámicas e



agóxicas e adecuación aos demais instrumentistas. Iniciación a distintos tipos de ataques e timbres e adecuación aos demais instrumentistas. Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección. Lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel. Iniciación o desenvolvemento da memoria de conxunto. Práctica de conxunto da agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente. Valoración do sistema como marco da interpretación. Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º curso G. Profesional

- Interpretar un programa integrado por un mínimo de dúas obras (de varios movementos) ou catro (dun só movemento), de estilos diferentes, en pequenas formacións (de dous a cinco membros) con unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e equilibrio sonoro entre as partes. O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, sen que estas poidan ser de nivel superior ó nivel instrumental de cada membro do grupo.
- Interpretar en audición pública dito programa, total ou parcialmente, con actitude apropiada ante o público, con unificación do fraseo, precisión rítmica, equilibrio sonoro, preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada. As audicións, de periodicidade e duración flexible, distribuiranse ó longo do curso, debendo cada grupo participar en aló menos dúas delas.
- Asistencia continuada a clase como único medio para logralos obxectivos previstos e poder permitir o progreso do traballo en grupo.
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede, con coñecemento global da partitura e sabendo utilizar os xestos necesarios da concertación.
- Ler a primeira vista obras de mínima dificultade, con fluidez e comprensión, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Estudiar as obras correspondentes ao repertorio programado, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo e demostrando respecto pola interpretación musical.

**Nota:** Para o control de calidade de son, articulación, dinámicas, fraseo, etc. É fundamental o emprego de uñas na man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible a partir do primeiro trimestre para todos os alumnos.



## 2º CURSO GRAO PROFESIONAL

### OBXECTIVOS

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adquirir uns hábitos de estudo eficaces.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra e co nivel técnico do curso.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

### CONTIDOS

Técnica proposta. Afondar no estudo dos distintos tipos de ataques e tímbrica e a súa problemática en relación cos demais instrumentistas. Afondar no control das dinámicas e agónicas e na súa adecuación aos demais instrumentistas. Control do fraseo, respiración e articulación e adecuación aos demais instrumentistas. Desenvolvemento dos distintos tipos de ataques. Desenvolvemento do equilibrio sonoro e de planos. Lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel. Desenvolvemento da memoria de conxunto. Análise e interpretación de obras do repertorio. Práctica de conxunto da agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente. Valoración do sistema como marco da interpretación. Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º curso G. Profesional

- Interpretar un programa integrado por un mínimo de dúas obras (de varios movementos) ou catro (dun só movemento), de estilos diferentes, en pequenas formacións (de dous a cinco membros) con unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e equilibrio sonoro entre as partes. O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, sen que éstas poidan ser de nivel superior ó nivel instrumental de cada membro do grupo.
- Interpretar en audición pública dito programa, total ou parcialmente, con actitude apropiada ante o público, con unificación do fraseo, precisión rítmica, equilibrio sonoro, preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada. As audicións, de periodicidade e duración flexible, distribuiranse ó longo do curso, debendo cada grupo participar en aló menos dúas delas.
- Asistencia continuada a clase como único medio para logralos obxectivos previstos e poder permitilo progreso do traballo en grupo.
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede, con coñecemento global da partitura e sabendo utilizar os xestos necesarios da concertación.
- Ler a primeira vista obras de mínima dificultade, con fluidez e comprensión, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo e demostrando respecto pola interpretación musical.

**Nota:** Para o control de calidade de son, articulación, dinámicas, fraseo, etc. É fundamental o emprego de uñas na man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible a partir do primeiro trimestre para todos os alumnos.

## 3º CURSO GRAO PROFESIONAL

### OBXECTIVOS

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adquirir uns hábitos de estudo eficaces.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra e co nivel técnico do curso.
- Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto.



- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

## CONTIDOS

Técnica proposta. Afondar no estudo dos distintos tipos de ataques e tímbrica e a súa problemática en relación cos demais instrumentistas. Afondar no control das dinámicas e agónicas e na súa adecuación aos demais instrumentistas. Control do fraseo, respiración e articulación e adecuación aos demais instrumentistas. Desenvolvemento dos distintos tipos de ataques. Desenvolvemento do equilibrio sonoro e de planos. Lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel. Desenvolvemento da memoria de conxunto. Análise e interpretación de obras do repertorio. Práctica de conxunto da agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente. Valoración do sistema como marco da interpretación. Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º curso G. Profesional

- Interpretar un programa integrado por un mínimo de dúas obras (de varios movementos) ou catro (dun só movemento), de estilos diferentes, en pequenas formacións (de dous a cinco membros) con unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e equilibrio sonoro entre as partes. O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, sen que éstas poidan ser de nivel superior ó nivel instrumental de cada membro do grupo.
- Interpretar en audición pública dito programa, total ou parcialmente, con actitude apropiada ante o público, con unificación do fraseo, precisión rítmica, equilibrio sonoro, preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada. As audicións, de periodicidade e duración flexible, distribuiranse ó longo do curso, debendo cada grupo participar en alomenos dúas delas.
- Asistencia continuada a clase como único medio para logralos obxectivos previstos e poder permitilo progreso do traballo en grupo.
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede, con coñecemento global da partitura e sabendo utilizar os xestos necesarios da concertación.



- Ler a primeira vista obras de mínima dificultade, con fluidez e comprensión, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo e demostrando respecto pola interpretación musical.

**Nota:** Para o control de calidade de son, articulación, dinámicas, fraseo, etc. É fundamental o emprego de uñas na man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible a partir do primeiro trimestre para todos os alumnos.

## 4º CURSO GRAO PROFESIONAL

### OBXECTIVOS

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adquirir uns hábitos de estudo eficaces.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

### CONTIDOS

Técnica proposta. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque en relación cos demais instrumentos. Utilización dos timbres, ataques e efectos característicos do instrumento (rasgueos, percusión, harmónicos oitavados etc.) e adecuación ao repertorio e aos demais instrumentos. Afondar no vibrato e na súa relación cos demais instrumentos e instrumentistas. Análise e interpretación de obras do repertorio. Lectura a primeira vista de repertorio de conxunto de dificultade axeitada ao nivel. De-



senvolvemento da memoria de conxunto. Práctica de conxunto da agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente. Valoración do sistema como marco da interpretación. Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º curso G. Profesional

- Interpretar un programa integrado por un mínimo de dúas obras (de varios movementos) ou catro (dun só movemento), de estilos diferentes, en pequenas formacións (de dous a cinco membros) con unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e equilibrio sonoro entre as partes. O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, sen que estas poidan ser de nivel superior ó nivel instrumental de cada membro do grupo.
- Interpretar en audición pública dito programa, total ou parcialmente, con actitude apropiada ante o público, con unificación do fraseo, precisión rítmica, equilibrio sonoro, preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada. As audicións, de periodicidade e duración flexible, distribuiranse ó longo do curso, debendo cada grupo participar en aló menos dúas delas.
- Asistencia continuada a clase como único medio para logralos obxectivos previstos e poder permitilo progreso do traballo en grupo
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede, con coñecemento global da partitura e sabendo utilizar os xestos necesarios da concertación.
- Ler a primeira vista obras de mínima dificultade, con fluidez e comprensión, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Estudiar as obras correspondentes ao repertorio programado, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo e demostrando respecto pola interpretación musical.

**Nota:** Para o control de calidade de son, articulación, dinámicas, fraseo, etc. É fundamental o emprego de uñas na man dereita. O uso das uñas na man dereita será requisito imprescindible a partir do primeiro trimestre para todos os alumnos.